***"Non hai ningunha lectura perigosa. O mal non entra nunca pola intelixencia cando o corazón está san"***

Jacinto Benavente

24/2/14

# Día de Rosalía 2014



**O 24 de febreiro de 1837 naceu Rosalía de Castro. Celebramos hoxe o día da nosa escritora máis universal sendo conscientes de que o trancorrer dos anos pon de manifesto a intemporalidade da súa obra e a vixencia do seu pensamento.**

**Na Biblioteca Sarmiento non queremos deixar pasar este aniversario do seu nacemento sen lembrar a importancia e significación da autora e das súas obras, esenciais para entender a nosa historia: o noso pasado e tamén o noso presente.**

**Reproducimos o manifesto asinado pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega redactado por un poeta co que tivemos a grata oportunidade o curso pasado de compartir o pracer da poesía.**

**Feliz Día de Rosalía e grazas a Carlos Negro polas súas fermosas palabras.**

**MANIFESTO DA AELG NO DÍA DE ROSALÍA 2014**

Hoxe e sempre, Rosalía de Castro representa a fenda, a nosa fenda. Unha ferida aberta na conciencia colectiva, un talento literario irredutíbel a fórmulas caducas e tópicos amables. Unha voz que escribe para ser libre e consciente, aínda que manque e rabuñe, pois non quere ser flor. Solitaria e solidaria. Muller e galega nun mundo gobernado por raposos que non ocultan o rostro da barbarie, o fanatismo reaccionario.

Rosalía de Castro: aquela que nos deixa en herdo un feixe de versos como toxos e silvas, xurdidos dunha gándara onde inzan a angustia e a carraxe. Porque ninguén coma ela soubo expresar os enigmas da condición humana, as dúbidas existenciais que nos acosan, as contradicións da alma, a saudade e a soidade. O río da vida que pasa e flúe polas brañas de Laíño, co seu maino rebulir, camiño das torres do Oeste.

E, ao mesmo tempo, sen renunciar á expresión do íntimo, Rosalía emerxe como a intérprete máis veraz dos nosos dramas colectivos en canto nación e pobo; mais a súa literatura non se converte nunca nun panfleto de carácter burocrático. Moi pola contra: é un documento humano escrito con sangue, desde as entrañas, como un espello no que a voz da poeta captura todo aquilo que é digno de ser cantado. E esa dignidade comeza pola restauración do uso escrito da lingua galega, convertida en símbolo de rebeldía.

Desde ese compromiso, padecemos a través dela os dramas dun pobo que sofre, mais que nunca atopou unha pluma que o defendese. E ela, literata consciente, converte a súa obra nunha casa de acollida para todas aquelas mulleres invisibles que padecen maltrato e desprezo; e cede a palabra a todas esas viúvas que tecen soidades, a todas as labregas que loitan e non se renden, ás mozas que aman e ás que odian, ás que van alegres de romaría e ás que collen con rabia a fouciña.

Non reduzamos esta homenaxe a un canto fúnebre; pois Rosalía de Castro non debe ser nunca unha escusa para a solemnidade académica arredor dun cadaleito; ela debe ser sempre outra cousa, unha forza rabuda que move os marcos da literatura para levarnos máis lonxe de nós mesmos. Alguén que, se vivise neste século XXI, seguiría a denunciar a todos aqueles que, baixo a máscara da honradez, pretenden converter a lei en atadura, o corpo en cárcere, a liberdade en servidume.

E por iso Rosalía de Castro segue a convocarnos, a emocionarnos, a transformarnos por dentro.
E non esixe ritos de adoración. Simplemente, unha lectura plural e sen ataduras.
E por iso, desde a **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega**, querémola viva os trescentos sesenta e cinco días do ano.
Querémola pola rúa e nas escolas, nos barrios e nos arrabaldes, nas aldeas e nas prazas, nas fachadas brancas dos edificios.
Queremos que os seus versos nos invadan, fender con eles o silencio administrativo dos poderosos. A súa teimuda indiferenza.
Para que a súa voz ilumine o noso futuro, alta e clara como murmurio e como alento.
Ceiba coma sempre.
Nosa e de toda a cidadanía consciente de si mesma.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2014

Carlos Negro, vogal da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega

.

---

Publicado por Curtisbiblio

Etiquetas: AELG, Día de Rosalía